Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Micromitos 111: Alcaparra dos Ancares

Segundo o libro IV do *Liber Sancti Iacobi* incluído no *Codex Calistinus,* entre os nomes das cidades maldicidas por Carlomagno —fíxoas desaparecer por asolagamento—están Lucerna, Ventosa, Adenia e Capparia. Imos coa historia dunha Capparia chamada agora Alcaparra, a que nos contou Xosé Mª Carricoba e a el a señora María, da Casa Naipes de Donís.

Na serra dos Ancares existía unha cidade con este nome onde vivía un matrimonio rico cunha filla á que pretendían dous mozos; un de boa familia e outro pobre.

A nai quería que a filla casase co rico pero á filla gustáballe o outro. Entón o pai da moza propuxo que os pretendentes competisen e o que antes rematase de escavar a presa para conducir auga desde o pozo Ferreira, na ladeira do Cuíña, á cidade de Alcaparra casaría coa filla. Aínda hoxe se ven dúas canles paralelas que van desde o pozo Ferreira até onde estaba Alcaparra.

Imaxinen quen gañou! A nai non aceptou o pobre como xenro e opúxose ao casorio, e tal perrencha colleu que xerou unha tormenta enorme que afogou para sempre Alcaparra.

Mañá contamos doutra Capparia!

Serie: Micromitos

Publicación: *Nós Diario*, 4 de febreiro de 2021.